

# **NADA DO OUTRO MUNDO**

**Quince relatos esenciais  
(1990-2022)**

**RAMÓN CARIDE**

ESCOLMA E COMENTARIOS:  
DARÍO GANCEDO



## LIMIAR

Never explain, never complain

*I am the son and the heir  
Of a shyness that is criminally vulgar  
I am the son and heir  
Of nothing in particular*

*You shut your mouth, how can you say  
I go about things the wrong way?  
I am human and I need to be loved  
Just like everybody else does<sup>1</sup>*

Morrisey e Marr, «How Soon Is Now?»

Cando cheguei ás illas Británicas, no primeiro restaurante onde me tocou fregar pratos, segundo abrí a boca para queixarme das condicións de traballo, o encargado de cociña deume o sabio consello deste título. Debín facerlle caso e deixalo correr, pero un é un algo teimoso, ou teimudo como din no Corgo, e non reparei nel, no consello, até que me botaron á rúa por non seguilo. Isto aconteceu en Manchester, mediados os noventa, cando The Smiths, a causa orixinaria da miña peregrinación insular, xa case eran historia esquencida na súa cidade.

1. Son o fillo e o herdeiro/ dunha timidez criminalmente vulgar/ Son o fillo e o herdeiro/ de nada en particular./ Fecha a boca, como podes dicir/ que fago as cousas mal?/ Son humano e preciso ser amado/o mesmo que calquera.

Non obstante, volví atopar o Ian, o encargado de marras, o do consello, nun pub de Escocia anos máis tarde. El estaba como cliente afouto, cun alto grao etílico como bo norirlandés que era, na compañía da súa nova moza, unha catalá de nome Assumpta, e como eu non lle andaba lonxe en graduación aquela noite, quixen agradecerlle o sabio consello daquela maneira como se adoita facer nestes casos. Funme a el coma un touro bravo. Pero non estabamos ningún dos dous polo labor esa noite. Rematamos aínda máis bébedos, cantando a Rianxeira, e a Asun, que por algo era de onde era, deume outro consello a cambio: «Nunca fagas caso de consello ningún, pailán. Deste meu tampouco».

Por iso, como non fago caso de consellos, se cadra cómpre dar algunha precisión a respecto da miña presenza nesta leria, ou sexa neste libro.

Se a memoria non me falla, coñecín a Ramón Caride aló polo ano 1988 nun hotel de Vigo, onde eu —que entón aínda case era un rapaz—, estaba como operador de cámara en prácticas. Estabamos gravando uns microespazos poéticos para a TVG, *Poesía para a medianoite*, ou algo polo estilo. Desde logo non era poesía para ningún *target* de máxima audiencia. O tipo, ou sexa o Caride, estaba claramente fóra de onda, sen erguer os ollos do papel para nada, lendo uns poemas paisaxísticos de principiante feitos de morriña e lugares comúns, moi na onda dos tempos. Refírome aos tempos dos setenta. El xa ía un paso —ou unha década— por detrás, claramente. Parecía un peixe fóra da auga. Case tanto coma min, un matado que estaba cunha cámara emprestada, acaso presentindo que o produtor do programa non me ía pagar o acordado nin poñerme nos créditos. Talmente como pasou, ao cabo.

Polo menos o poeta en cernes convidou a unhas birras, cousa que os seus colegas de xeración todos, comestos da metapoesía, nin se molestaron en facer. Moito proletariado nos versos, mais aos *currantes* nin nos diferenciaban do mobiliario. O Ramón contoume que fixera aqueles poemiñas na biblioteca do cuartel, no deserto mediterráneo, mentres padecía o servizo militar, doente de saudade.

—Non desesperes, rapaz —dixen por animalo, e por corresponder dalgún xeito ao convite—. Así comezou Uxío, o do Courel. E mira onde chegou.

—Coñécelo? A Novoneyra? Non me digas.

—E que lle queres? Non ten mérito ningún. Lugo éche moi pequeno.

A cousa foi a máis. Rematamos falando de todo un pouco, ou moito. Deume un libriño, *Paisaxe de verde chuvia*, que el autoeditara.

Collínllo porque eu son un tipo educado; e até o lin, un día que estaba na sala de espera do dentista e non tiña outra cousa a man. Tampouco é que tivese moita letra, que digamos. Era unha mestura de *Os eidos* coa *Terra chá*, todo ambientado en Oseira. Ou iso me pareceu. Tampouco son un gran lector de poesía. Mais, como xa lle dixera a el, fixera o Bacharelato en Lugo. Logo acabara en Vigo, vantaxes de ser fillo de garda civil. Lugo é pequeno. Sempre rematas falando de poesía, de mozas, ou de música no meu caso, e dando voltas na muralla. Caride era de Ourense, tiñamos o Miño enteiro en común e a vida por diante. Tras aquel primeiro encontro, vímonos un par de veces en Baiona, onde el traballaba de profesor. Falabamos largo e longo. Daquela había tempo para todo.

Logo diso pasei sen velo así como dous anos. Estivera unha tempada en Madrid, e logo en Cádiz e Sevilla. Vantaxes de querer ser artista e ter que comezar a traballar de camareiro. Cando voltei a Vigo, ao comezo dos noventa, vin que Caride entrara na narrativa cun novo libro, *Os ollos da noite*. Un volume de relatos de serie negra —daquela aínda non era *noir*— impreso por Ir Indo, a editora viguesa que tiña como logotipo un caracol de terra e o nome alusivo á súa extrema velocidade. Era difícil non velo daquela, o Ramón, por dúas razóns: unha, que había menos novidades literarias das que hai hoxe; e dúas, el saíu na contraportada do Faro —hoxe sería cousa insólita ao tratarse dun libro en galego—, cunha foto de medio corpo, sobre fondo negro, e un titular coma os que adoitaba haber entón: «Ramón Caride le pone boina paisana al crimen». A cousa viña sendo que en *Os ollos da noite* había crimes de aldea, e o redactor da nota debía pensar que os labregos aínda andaban todos con corozas de palla.

Alegreime de que o Caride deixase a poesía paisaxística para os vellos mestres. Xa o dicía Napoleón —ou sería Bismarck?—: «Unha retirada a tempo é unha vitoria». Un título coma o daquel primeiro libríño seu co que me agasallara, tempo antes, *Paisaxe de verde chuvia*, francamente non era moi comercial. Nin tampouco lle saíra barato. El pagara a edición da súa primeira obra nunha imprenta do Porriño, e estivera distribuindo os exemplares de librería en librería. Contoume que cando volvía a cada unha, á volta de catro ou seis meses podían pasar dúas cousas: que os cinco libríños seguisen xuntos —adoitaba deixar de cinco en cinco para ver se remataba antes a tiraxe de douscentos, e nin así—, case invisíbeis

baixo unha pila doutros títulos máis voluminosos. Ou sinxelamente, que non aparecesen. Neste segundo caso, o dono ou dona da librería dicían moi serios, como para tranquilizalo: «Pois asegúroche que eu non vendín ningún». Nunha ocasión unha libreira vendeu dous xuntos, e resultou que llos mercara un profesor que o confundira con outro Caride homónimo especializado en pedagogía. Por fortuna, Ramón reparara nestes detalles. Decatouse de que a súa incipiente vocación poética non daba para manter unha familia, e nin tan sequera para tabaco, caso de ser fumador.

O Caride andaba eufórico daquela: «*Os ollos da noite* esgotou a primeira edición». El nunca tal vira, nin imaxinara nos seus días de autoeditor, e só pasaran, entre unha cousa e outra, catro anos de novos rexeitamentos por parte de editoras varias e peregrinacións a pé co seu orixinal baixo o brazo —nun sentido literal, porque entón non había envíos telemáticos—. A cousa prometía. Presentouno en feiras do libro, a de Ourense foi unha delas. Acompañeino. Naqueles anos daba gusto, agasallábante cunha figura de cerámica, con deseño de autor. Mesmo me deron unha a min por facer un par de temas en acústico vagamente relacionados co libro. E logo íase a bos restaurantes, ao San Miguel en concreto. El incluso cobrou por el unha cantidade que lle parecía fabulosa en concepto de dereitos de autor. Unhas dez mil pesetas escasas.

De alí a pouco, a comezos da década do 1990, Ramón Caride entrou na novela. Non tardou en gañar o premio Blanco Amor, e logo algún certame máis. Mesmo lle deu para mudar o coche. Trasládouse a Cambados coa familia, e xa non nos vimos tanto. Así e todo,

xantabamos cada vez que lle cadraba vir por Coia ou polo Val Miñor para falar da súa saga xuvenil *Said e Sheila*, coa que gañara o premio Merlín, entre outros. Semellaba estar asentado na narrativa. Aínda que, polo si ou polo non, como bo ourensán que era, papou o premio de poesía do concello auriense. Eu tamén me pasei, entre medias, de xénero e de estilo, ao meu xeito: do audiovisual á música *hardcore* con mensaxe.

Intercambiabamos os nosos produtos cada tanto, máis ou menos até o 1995, o seu ano de graza. Como falarei logo, ou cando cadre, direi que algúns relatos seus, ou novelas, prestoume moito lelos, outros non tanto. Ninguén é perfecto, fóra das biografías das lapelas. Logo, á volta dese ano, volveron as miñas crises económicas e foi así como decidín triunfar no *British Pop*, para o que me instalei nesa terra mítica a tal efecto. O problema é que o público británico non decidira facer o mesmo.

A comezos do novo milenio, cando xa levaba un tempo sen ter noticias del, vin que gañara outro premio de novela, o Risco de Literatura Fantástica. Daquela xa había conexión abonda, e intercambiabamos mails a cada tanto. Nun deles púxome: «Compañeiro, vaiche chegar a novela do Risco. Non te cabrees de máis, a poder ser». E tanto que me cabreei, malia o aviso. Na cuarta páxina do texto, tras un comezo soporífero —digno do peor e máis pesado Nobel de Padrón e os seus arredores—, ao comezo dun parágrafo, lin isto: «Principiemos, pois, sen maior demora. Xa sabedes que o meu nome é Darío Gancedo e que son escritor».

Usurpación de nome, non haberá máis vocativos no mundo? E para semellante pailán. Pensei en non falarlle